

A herba da pampa protagonizará, na vila pontevedresa de Oia, a semana sobre especies invasoras

Galicia Ambiental e o Concello de Oia porán o foco na urgente necesidade de afrontar o problema das especies invasoras, especialmente da *Cortaderia selloana*

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2022

A **Asociación Galicia Ambiental** advirte da necesidade de afrontar acción de control, loita e sensibilización cidadá fronte ao problema das especies invasoras e, neste caso, na presenza da **herba da pampa** (*Cortaderia selloana*) en amplas zonas do país. Así, xunto ao **Concello de Oia**, o obxectivo da organización será sensibilizar á sociedade sobre este problema ambiental mediante diversas actividades. Serán impulsadas na **Semana Ibérica sobre Especies Invasoras (SIEI)**, organizada por España e Portugal do 21 ao 29 de maio para sensibilizar sobre este problema ambiental e económico.

As especies invasoras son unha das principais **ameazas para a biodiversidade** a nivel global e causan outros impactos significativos a nivel ambiental e socioeconómico. Porén, estas cuestións aínda son **descoñecidas** para a maior parte da **cidadanía**, polo que é preciso levar a cabo accións non só de control e erradicación, senón tamén de concienciación.

Neste contexto, a **SIEI 2022** pretende contribuír a **aumentar o coñecemento** e a sensibilización sobre estas especies. Trátase dunha iniciativa promovida pola Rede

Portuguesa de Estudo e Gest3o de Esp3cies Invasoras - Rede InvECO, pola plataforma Invasoras.pt e polos proxectos LIFE Stop Cortaderia e LIFE INVASAQUA. Ademais, realízase en estreita colaboraci3n con diversas entidades, asociaci3ns ou grupos informais.

Programaci3n de actividades

Durante a SIEI organizaranse **charlas** nos centros escolares e asociaci3ns do municipio de Oia, culminando cunha **acci3n de voluntariado** de extracci3n xeralizada de plumeiros, cartografado de plantas e extracci3n dunha 3rea de afectaci3n na contorna urbana. Un t3cnico municipal e o responsable de divulgaci3n da asociaci3n ser3n os encargados de trasladar aos distintos colectivos do Concello informaci3n sobre os **riscos ambientais** e de sa3de desta especie invasora, ademais de indicar a importancia de afrontar acci3ns preventivas para evitar o seu rebrote. Esta acci3n de voluntariado, prevista para o 29 de maio, consistir3 en percorrer, por equipos, o termo municipal cun dobre obxectivo: extraer semente e cartografar a presenza da planta a trav3s da **plataforma habilitada** polo proxecto LIFE Stop Cortaderia. Nela xa figura unha boa parte das plantas tras unha intensa identificadora desenvolvida dende o municipio, un dos m3is activos nesta materia de Galicia.

Esta xornada de voluntariado rematar3 coa entrega para a s3a **destrucci3n de plumeiro** novo, co que se evitar3 que mill3ns de sementes se estendan este ano polo municipio e a s3a contorna. A destrucci3n ter3 lugar nunha zona urbana do municipio onde se consolidaron varias plantas, convert3ndose nun espazo "liberado" de *Cortaderia selloana* e **restaurado** mediante a plantaci3n de vexetaci3n e 3rbores aut3ctonas.

Programa "piloto" en Oia

Despois do par3n obrigado polas medidas preventivas para o control da pandemia, a Asociaci3n Galicia Ambiental retoma as s3as actividades con voluntariado e os seus programas de **educaci3n e sensibilizaci3n ambiental**. As3, esta primeira acci3n ser3 en



colaboración co Concello de Oia, sendo ambas entidades adheridas ao proxecto **LIFE Stop Cortaderia** (actualmente en desenvolvemento e que finaliza este mesmo ano). Ademais, Galicia Ambiental é “socio rexional” na candidatura para optar a un novo proxecto STOP Cortaderia (sería a segunda parte do que este ano chega ao seu fin), presentado ao novo LIFE e que comezaría a executarse en **2023**.

Durante 2022, Galicia Ambiental desenvolve diversas accións de voluntariado para a extracción de especies invasoras, nomeadamente cortaderia selloana, dentro do seu programa SIN INVASORAS e considera esta acción de Oia como un “programa piloto” das intervencións locais que se desenvolverán, no caso de ser aprobado, dende 2023 no marco do **II Programa Stop Cortaderia**, do cal forma parte en representación de Galicia, agrupando a comunicades de Portugal, España (todas as comunidades cantábricas) e Francia.

Saludos, Benito G.Carril

DIRCOM GALICIA AMBIENTAL

www.galiciaambiental.org

<https://www.facebook.com/galiciaambiental/>

[@galiciaambienta](#)

604 000 742